

# CONSTRUÍNDO O CAMIÑO Á UTOPÍA

## ESTRATEXIAS PARA UNHA ESCOLA INCLUSIVA E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

RAMÓN COSTAS E VELI FARIÑA

DOWN Pontevedra
XUNTOS Asociación Síndrome de Down



**TODOS E TODAS SOMOS XENIOS.**
**PERO SE XULGAS A UN PEIXE POLA SÚA HABILIDADE PARA TREPAR A UNHA ÁRBORE,**
**PASARÁ TODA A SÚA VIDA PENSANDO QUE É UN INÚTIL.**





A Asociación Down Pontevedra "Xuntos"

A ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# A Asociación Down Pontevedra "Xuntos"

Down Pontevedra "Xuntos" é unha **asociación de nais, pais e familiares que traballa pola inclusión das persoas coa Síndrome de Down**. Nace un 26 de Decembro de 1991, despois de que un grupo de familiares de persoas coa Síndrome de Down (motivados principalmente pola falta de servizos de apoio) decidiran xuntarse para acadar un **obxectivo común: mellorar a calidade de vida** das persoas coa Síndrome de Down e como consecuencia conseguir a participación destas persoas en todos os ámbitos (**escolar**, familiar, social, laboral …).

Na actualidade Down Pontevedra "Xuntos" presta atención a persoas coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, da **zona norte da provincia de Pontevedra** e poboacións limítrofes que poidan verse beneficiadas.

A
Asociación
Down
Pontevedra
"Xuntos"

Para acadar **o noso obxectivo,** as persoas coa Síndrome de Down deben comezar por:

- Gozar de todos os seus dereitos.
- Ter cubertas as súas necesidades e expectativas.
- Poder desenvolver todas as súas potencialidades.
- Ocupar un lugar activo na sociedade.

Dende Down Pontevedra "Xuntos" traballamos pola igualdade, **nunha sociedade** aberta e plural, libre de prexuízos cara a discapacidade, **que se sinta enriquecida coa diversidade e coa participación activa das persoas coa Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais**, polo que se debe dar unha actitude social positiva cara ás persoas con discapacidade.

A Asociación Down Pontevedra "Xuntos"

Respecto aos nosos **sinais de identidade**, poderiamos destacar:

- **Aposta pola normalización e a inclusión.**
- Aposta polo uso de **servizos ordinarios** da comunidade.
- Colaboración con outras entidades e colectivos.

DIS significa que hai algunha dificultade ...,
E CAPACIDADE, refírese a todo o que as persoas somos capaces de facer.

As persoas somos capaces de facer moitas cousas.

Dicir que todas as persoas son capaces de facelo TODO quizás sexa algo esaxerado: porque quen máis quen menos ten algunha dificultade para facer algo ...

CAPACIDADES

DIFERENTES

A
Asociación
Down
Pontevedra
"Xuntos"

# TRABALLO EN REDE




https://www.youtube.com/watch?v=c21ox26XcLo&feature=youtu.be

A Asociación Down Pontevedra “Xuntos”

Down Pontevedra “Xuntos” ofrece distintos programas organizados en torno ao noso Servizo de Promoción da Autonomía Persoal, SEPAP



# A ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA




## ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA (3-21 anos)

- Programa de Coordinación con Centros
- Programa de Apoio Personalizado
  - Logopedia
  - Apoio-Educativo
  - Autonomía

A ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

# PROGRAMA DE APOIO PERSOALIZADO




APOIO EDUCATIVO




AUTONOMIA




LOGOPEDIA

A ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

# PROGRAMA DE COORDINACIÓN CON CENTROS

Atendendo ao dereito á educación en igualdade de oportunidades que teñen os nen@s e adolescentes, consideramos a inclusión no **sistema educativo ordinario como a opción máis axeitada** para o desenvolvemento das persoas coa Síndrome de Down.

A **finalidade** é promover e facilitar a inclusión escolar dos alumnos coa síndrome de Down e de todos os alumnos con discapacidade intelectual no sistema educativo ordinario. E para conseguilo mantemos unha colaboración directa e estreita cos centros para conxuntamente conseguir mellorar a súa inclusión.

No propósito de dinamizar experiencias educativas de calidade promovemos metodoloxías inclusivas. **Mellorar a educación é facela inclusiva.**

A ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

# PROGRAMA DE COORDINACIÓN CON CENTROS

## INTEGRACIÓN

VERSUS

## INCLUSIÓN

| INTEGRACIÓN | INCLUSIÓN |
|---|---|
| Es aceptar la diferencia | Es acoger la diferencia |
| Habla de necesidades educativas | Habla de barreras a la participación, al progreso, al aprendizaje |
| Se centra en el déficit | Se fija en las capacidades de todo el alumnado para desarrollarlas en el aula |
| La repuesta educativa es segregadora. El alumno sale del aula y cuando está en ella hace otra tarea. Pocas veces participa en el aula. | La resupuesta educativa es inclusiva. El alumno está presente en el aula, particando y progresando con todos sus compañeros. |
| Apoyo siempre fuera del aula. | Apoyo dentro del aula. Dos profesores para trabajar de forma cooperativa con todos los alumnos. |



A ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

# PROGRAMA DE COORDINACIÓN CON CENTROS

Información, orientación e asesoramento

Sensibilización na aula

Adaptacións de materiais

https://www.youtube.com/watch?v=yuGyREbI7II

http://downgalicia.org/recursos-educativos/





Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## Que é a Síndrome de Down?




Cariotipo dunha persoa
SEN Síndrome de Down
46 cromosomas 23 pares.



Cariotipo dunha persoa CON
Síndrome de Down
47cromosomas

**… Só unha pequena diferenza**

Pautas metodolóxicas
Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## Tipos de Síndrome de Down:

**Trisomía libre ou simple:** tres cromosomas no par 21

**Mosaicismo o trisomía en mosaico:** nas primeira división das células hai 46 cromosomas pero posteriormente unha célula pasa a ter 47, e despois hai células con 46 cromosomas e outras con 47.

**Traslocación cromosómica:** un cromosoma ou un anaco únese a outro cromosoma (normalmente o 14)

Existe a crenza de que hai diferentes graos ou niveis de síndrome de Down. Isto é completamente erróneo. O que ocorre é que as características xenéticas da trisomía 21 móstranse de maneira diferente en cada persoa nas áreas cognitiva, motora e lingüística.



Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## E isto repercute en …

Esta alteración xenética condiciona a estrutura e a función do cerebro e do sistema nervioso, e inflúe sobre a aprendizaxe e a conduta das persoas coa Síndrome de Down, pero estas manifestacións son moi variables.



Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## … e nuns rasgos físicos comúns

- Hipotonía muscular marcada (falta de forza nos músculos).
- Discapacidade intelectual.
- Fisonomía característica : ollos nesgados e raíz nasal deprimida.
- Pescozo máis curto
- Boca pequena e padal alto  (protrusión da lingua)
- Cardiopatías conxénitas (nun 40-50 %)
- Dedos curtos  e máis anchos
- Pliegue da man continuo…

Pautas metodolóxicas
Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

**PERO,**

Os lÍmites no desenvolvemento van a depender moi directamente da adecuada atención afectiva, educativa e social, aplicada dende os primeiros momentos, que van a influír sobre o desenvolvemento das súas potencialidades.

**Aumento da sensibilización**: mellora da saúde, educación, …







Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## EMPATIZAR

http://www.laopinioncoruna.es/multimedia/videos/sociedad/2015-03-24-12270-sin-mis-manos.html






Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARACTERÍSTICAS

*** Tempo de resposta máis lento.**

*** Lentitude no ritmo da aprendizaxe**

*** Traballar do concreto ao abstracto.**

*** Dificultades na fala, pero mellor a comprensión**

*** Cústalles entender o dobre sentido.**

*En moitos casos hai que ensinarlles de xeito explícito o que outros adquiren espontaneamente.

*Dificultades na aprendizaxe dos cálculos matemáticos.



# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARATERÍSTICAS

### DIFICULTADES DE ATENCIÓN

**REPERCUSIÓNS NA APRENDIZAXE**

* Impulsividade cara a tarefa.
* Cústalle traballar de xeito autónomo.
* Tendencia a eludir tarefas que perciben complicadas (teñen ampla experiencia de fracaso)

**SOLUCIÓNS**

* Cambiar asiduamente de actividade para evitar fatiga
* Necesitan moita motivación.
* Hai que potenciar as súas capacidades e non centrarse nas súas carencias.
* O traballo ten que ser o máis semellante posible ao dos compañeir@s.
* É preciso proporcionarlles un control externo (físico ,verbal, premios)



| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 63 + 26 | 44 + 54 | 76 + 21 | 23 + 51 | 76 + 23 |
| 34 + 22 | 67 + 12 | 73 + 15 | 55 + 42 | 45 + 31 |
| 63 + 22 | 63 + 21 | 24 + 63 | 34 + 34 | 27 + 71 |

Pautas metodolóxicas
Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARATERÍSTICAS

DÉFICITS NA PERCEPCIÓN E NA DISCRIMINACIÓN.

Teñen maiores dificultades coa percepción auditiva que coa visual.

**REPERCUSIÓNS NA APRENDIZAXE**

*Responde peor ás ordes que se lle dan oralmente.

*Dificultades para seguir as instrucións dadas ao grupo

**SOLUCIÓNS**

* Utilizar unha linguaxe clara e concisa.

*Darlle as instrucións de xeito individual, pero dentro do marco “grupo”.

*Utilizar apoio visual favorecerá a súa comprensión.

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARATERÍSTICAS

LENTITUDE NAS RESPOSTAS ÁS ORDES DADAS

**REPERCUSIÓNS NA APRENDIZAXE**

* Ritmo de aprendizaxe lento

**SOLUCIÓNS**

* Darlle tempo para responder.

*Ter en conta a novidade da tarefa e a súa complexidade (prolongará o tempo de reacción)

*Debemos seleccionar os obxectivos máis funcionais e importantes para o desenvolvemento do neno/a.

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARATERÍSTICAS

PROCESAMENTO DEFECTUOSO DA INFORMACIÓN

Presentan maiores dificultades no procesamento secuencial que simultáneo.

**REPERCUSIÓNS NA APRENDIZAXE**

*Dificultades na comprensión e interiorización das instrucións que reciben.

**SOLUCIÓNS**

* Dar as ordes dunha en unha.

*Manter o contacto visual mentres se lle dá unha orde directa, e así centrará mellor a atención e procesará mellor a orde captada.

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARATERÍSTICAS

DÉFICITS DE MEMORIA A CURTO E LONGO PRAZO.

Dificultades para xeneralizar a diferentes contextos o apre

**REPERCUSIÓNS NA APRENDIZAXE**

*Déficits na consolidación das aprendizaxes.

*Dificultades para gravar e reter varias ordes seguidas.

**SOLUCIÓNS**

*Propoñer un gran número de experiencias, repetindo as tarefas con materiais e actividades moi variados.

*Ofrecerlle sempre moitas oportunidades de éxito.

*As aprendizaxes que sexan prácticas, útiles e funcionais, aplicables de xeito inmediato ou cercano, sempre que sexa posible.

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARATERÍSTICAS

MAIOR DEBILIDADE NO PROCESAMENTO POLO CANAL AUDITIVO - VERBAL

REPERCUSIÓNS N'A APRENDIZAXE

*É o canal máis utilizado nas aulas

SOLUCIÓNS

*Funcionan mellor co canal visual - motor.

*Aprenden con maior facilidade si apoiamos con signos, xestos, sinais, imaxes, debuxos, pictogramas, gráficos …

***Aproveitar a súa capacidade de imitación para reforzar a adquisición de aprendizaxes.**

*As explicacións das actividades deben ser curtas, claras e concretas.

*Utilizar vocabulario significativo. “Calcula, define” son termos que nos lles din nada.

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARATERÍSTICAS

TEÑEN DIFICULTADES PARA A LINGUAXE EXPRESIVA

**REPERCUSIÓNS N'A APRENDIZAXE**

*Dificultades para dar respostas verbais.

**SOLUCIÓNS**

*Dá mellor as respostas motoras, o cal hai que telo en conta (pode entender unha orden pero non ser capaz de dar unha resposta verbal).

*Darlle a posibilidade de expresar o que sabe con outras ferramentes que non se reduza á expresión verbal.

***Os xestos poden ser un apoio para comunicarse. A medida que van sendo capaces de verbalizar a palabra, abandonan o xesto.**

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## CARATERÍSTICAS

CÚSTALLES INTERACCIONAR E TRABALLAR NUN GRUPO

**REPERCUSIÓNS NA APRENDIZAXE**

Teñen dificultades para relacionarse, pedir, .....

Teñen menos capacidade de resposta e reacción ao ambiente.

Non solen pedir axuda cando atopan dificultade na realización dunha tarefa (porque non saben que facer, por falta de iniciativa ou porque reciben axuda sen solicitala) Acostúmanse a esperar que os apoien.(o necesiten ou non)

**SOLUCIÓNS**

*Precisan adestrar as habilidades sociais.

*Promover a inclusión en todos os espazos, incluído o recreo, para o que hai que organizar xogos para ensinarlles tamén a participar no tempo de recreo.

*A aprendizaxe cooperativa é unha metodoloxía que atende á diversidade e favorece a inclusión de todo o alumnado.

*Para que aprendan a traballar en grupo previamente hai que traballar a cohesión do grupo, o clima de aula

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## ALGÚNS APUNTES

*Aumenta a súa motivación cando os demais poden ver o seu traballo e o valoran.

* Evitar a dependencia do mestre/a e dos compañeir@s.

* É necesario que o traballo autónomo, sen supervisión, se teña como obxectivo desde idades temperás.

* Fixarse nas capacidades dos nen@s e solventar as súas dificultades cos apoios que se precisen e canto máis naturais e espontáneos mellor.

* Hai que esixirlle que fagan solos o que saben facer sen axuda.

*Hai que ensinarlles cousas que os nenos/as sen discapacidade intelectual aprenden por si solos.

***Rebote inclusivo:** Todo aquilo que sexa imprescindible para favorecer a aprendizaxe do alumnado coa SD ou DI tamén vai positivo para a aprendizaxe dos seus compañeiros/as.

* **EXPERIMENTAN MOITOS FRACASOS. BAIXA AUTOESTIMA.**

https://www.youtube.com/watch?v=zs5whN2QcGY



Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## Coidemos a nosa linguaxe

Deberíamos desterrar do noso léxico expresións desfasadas tales como "individuos/as que sofren, padecen ou están afectados/as pola Síndrome de Down", e referirnos **SEMPRE** ó termo persoas: **Persoas coa Síndrome de Down, nenos/as coa Síndrome de Down...**



O axeitado é referirnos sempre a **nenos/as, mozos/as ou adultos/as ... coa Síndrome de Down.**

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# COÑECER A SÍNDROME DE DOWN E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

## MITOS E REALIDADES

**MITOS E REALIDADES DAS PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN**

**MITO:** É unha enfermidade.
***REALIDADE:*** *A síndrome de Down é unha variación xenética producida pola presenza dun cromosoma extra no par 21.*

**MITO:** Son nenos eternamente e non alcanzan os obxectivos normais da vida.
**REALIDADE:** Coa educación e apoios axeitados, a maioría aprenden a ler, asisten a escolas ordinarias e desenvolven unha vida plena como adultos/as.

**MITO:** Sempre están felices e son cariñosos.
**REALIDADE:** Cada un ten o seu carácter e estados de ánimo variables coma calquera persoa.

Pautas metodolóxicas Para alumn@s coa Síndrome de Down

# Pirámide de aprendizaxe de Edgar Dale



METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# SOBRAN OS MOTIVOS…

No **Decreto 229/2011** de Atención á diversidade recóllese:

"Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores. (Artigos 4 e 7).Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

c) **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

DOG Diario Oficial de Galicia

METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# SOBRAN OS MOTIVOS…

EXISTE DIVERSIDADE DENTRO DO GRUPO

- Uns/unhas son máis capaces e outros/as menos …
- Uns/unhas saben que deben facer e como facelo ou… pedir axuda se a necesitan.
- Uns/unhas teñen moitas dificultades de aprendizaxe e outros/as menos ou ningunha.
- Outros/as non saben que deben facer nin como facelo e ademais algúns/algunhas **non se atreven a preguntar.**

METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# SOBRAN OS MOTIVOS…






METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# E COMO INCLUÍMOS?



**Pedro, 22 anos.**

EI VAGALUME

CEIP O PIÑEIRIÑO

IES FERMIN BOUZA BREY

IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR

FP BÁSICA DE COMERCIO

METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# ALGÚNS CONSELLOS

- Respetar os ritmos de cada nen@, senón sempre se sentirá frustrad@ tanto mestre/a como o propio alumn@. Si vai lent@, pero ten avances, progresa!!!

- **Materiais adaptados, non valen para tod@s o mesmo. Nos exames hai que buscar a maneira de que demostren o que saben: unir, completar…**

- Os apoios dos iguais son moi valiosos para o mestre/a. Os nen@s que reciben estes apoios os prefiren aos os dos adultos. Pero hai que ensinarlles como se deben dar os apoios, como dar axuda.

- Recomendamos o apoio en aula, pero que ese apoio non se faga a un nen@ en concreto, senón ao titor/a da aula. Sería ideal que houbese 2 mestres/as na aulas

- Defendemos a escolarización en centros ordinarios, porque aínda que teñan moitas dificultades nas aprendizaxes curriculares, hai outras aprendizaxes que só se aprenden cos seus iguais e en contextos normalizados e por outro lado os compañeir@s aprenden a convivir con nen@s diferentes ou moi diferentes.

METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# ALGÚNS CONSELLOS

- Animamos a utilizar **metodoloxías inclusivas**: Aprendizaxe Cooperativa, Aprendizaxe por proxectos, Comunidade de aprendizaxe, Intelixencias múltiples, Educación emocional, Titoría entre iguais, TIC´s …




http://www.sindromedown.net/wp-content/uploads/2015/04/Orientaciones-para-el-apoyo-a-la-inclusion-educativa.pdf




**Hai máis actividades que a de debuxar e/ou colorear**

METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# APRENDIZAXE COOPERATIVA



- Aprender desenvolvendo ao máximo as capacidades individuais
- Cooperar, para aprender os contidos curriculares




- Aprender a cooperar mellorando as nosas habilidades sociais
- Aprender … e contribuír a que aprendan os/as demais

METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

# INTELIXENCIA EMOCIONAL

"A **emoción** dirixe a atención e a **atención** dirixe a aprendizaxe" Robert Sylwester



METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

**XORNADA “EXPERIENCIAS E METODOLOXÍAS DE EDUCACIÓN INCLUSIVA”**

SABADO 5 DE NOVEMBRO de 9:30 a 14:30 e de 16:00 a 19:00

SEDE DE DOWN GALICIA
R/ Alejandro Novo González SANTIAGO DE COMPOSTELA

DOWN Galicia
Federación Síndrome de Down

## METODOLOXÍAS INCLUSIVAS







https://www.youtube.com/watch?v=DBjka_zQBdQ

**“MUCHA GENTE PEQUEÑA, EN LUGARES PEQUEÑOS, HACIENDO COSAS PEQUEÑAS, PUEDE CAMBIAR EL MUNDO”**

**“LA UTOPÍA ESTÁ EN EL HORIZONTE. CAMINO DOS PASOS, ELLA SE ALEJA DOS PASOS. ¿ENTONCES PARA QUE SIRVE LA UTOPÍA? PARA ESO SIRVE, PARA CAMINAR.**








# MOITAS GRAZAS!!!!

**ASOCIACIÓN DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS"**

R/ COBIAN ROFFIGNAC Nº9 – 2º e R/ROUCO Nº1 – 2º
CP 36002 PONTEVEDRA

TELÉFONOS. 986 86 55 38 / 607 948 925

EMAIL. eduxuntos@downgalicia.org

PÁXINA WEB. www.downxuntos.org

FACEBOOK.
https://www.facebook.com/Down-Pontevedra-Xuntos-513064695370811/

**Ramón Costas e Veli Fariña**